



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN DE UN OFICIAL 3ª ELECTRICISTA A XORNADA PARCIAL NO CONCELLO DE OUROL AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO "PROGRAMA DEPUEMPREGO".

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante concurso-oposición de 1 Oficial 3ª Electricista para ser contratado como persoal laboral temporal a xornada parcial (50 %), ao abeiro do Programa Depuemprego de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Oourol con data de 23 de setembro de 2016 para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO co obxecto da axuda e colaboración co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias mínimas obrigatorias ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincia de Lugo do 100 % dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

O concello de Oourol conta cun servizo de mantemento e conservación de edificios e instalación municipais así como o mantemento da rede de alumeadado público en todo o concello.

Debido ao gran número de núcleos rurais de que dispón o concello existe unha gran cantidade de puntos de luz que precisan contar cun servizo de mantemento apropiado para o seu bo funcionamento.

Este servizo adícase na súa maior parte ao arranxo de pequenas averías sobre todo na rede de alumeadado público e máis nos componentes eléctricos das instalación municipais polo que o posto solicitado de electricista contribuiría á mellora da súa eficacia, proporcionando unha mellora deste servizo de cara aos veciños deste concello.

Considerando que a incorporación deste efectivo non contradi o establecido no artigo 20.2 da Lei 48/2015 de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que literalmente di: "perante o ano 2016 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais".

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que se encadra en servizos públicos esenciais que corresponderán ao mantemento e conservación de edificios e instalacións municipais todos eles prestados directamente por este concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade en esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste concello.

Considerando que para cubrir provisionalmente o posto solicitado ao xurdir a necesidade da incorporación deste efectivo con carácter urxente e inaprazable, deberá realizarse o correspondente proceso selectivo polo procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN para a contratación laboral temporal de un oficial 3ª Electricista a xornada parcial (50 %) coas seguintes características:



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

- Tipo de contrato e duración: A contratación realizarase de acordo ao establecido na lexislación laboral vixente mediante contrato de traballo temporal por obra ou servizo determinado, a xornada parcial (50%), de luns a venres segundo as necesidades do servizo. Unha vez cumpridos todos os trámites da selección, procederase á sinatura do contrato, o cal extenderá a súa vixencia dende a data de sinatura do mesmo contando cunha duración de seis meses.
- Sistema de provisión: Concurso-Oposición de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade así como a da publicidade e non discriminación.

Segunda.- Normativa aplicable

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas resultará de aplicación:

- R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- Convenio de colaboración rubricado en data de 23/09/2016 entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Oourol para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego"
- Demais disposicións aplicables.





C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Telf.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

Terceira.- Funcións

O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultados do proceso de selección estará integrado polas funcións propias do posto de electricista, para actuacións referidas ao mantemento, conservación e mellora de servizos públicos de competencia municipal, realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como: Reposición e mantemento do alumeadado público e das instalacións eléctricas nos edificios municipais

Cuarta.- Publicidade

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Oourol e no sitio web do concello: <https://concellodeourol.sedelectronica.es>. Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Duración do contrato

O contrato celebrarase baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, a xornada parcial (50 %) de luns a venres e cunha duración de seis meses.

Sexta.- Retribucións

Serán as establecidas para a categoría de oficial 3ª segundo as taboas salarais do Convenio de Industrias de Siderometalúrgica da provincia de Lugo, publicado no BOP nº 124 de 31 de maio de 2016.

Sétima.- Requisitos dos/as aspirantes

Para tomar parte nas probas de selección será necesario:

- Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas senon nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou función correspondentes.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade



C O N C E L L O

DE

27865 O U R O L

(LUGO)

doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- f) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- g) Ter aboado a taxa correspondente por dereitos de exame según a ordenanza municipal vixente
- h) Titulación de Formación Profesional de 1º grao da especialidade de electricidade ou os seus equivalentes no actual sistema educativo español.

Oitava.- Presentación de instancias.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo normalizado establecido polo concello facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Oourol, o modelo de instancia atopase na sede electrónica do Concello de Oourol. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Oourol no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día 27 ao 31 de marzo de 2017 (ambos inclusive). Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web.

Poderanse así mesmo presentar as solicitudes a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas, debendo adiantar por Fax ao 982-559002 ou por correo electrónico: concellodeourol@concellodeourol.es dentro do prazo dos cinco días hábiles do punto anterior copia da solicitude debidamente datada e selada, copia do DNI e xustificante de pago das taxas por dereitos de exame, quedarán excluídas do proceso selectivo aquelas solicitudes que non cumpran este requisito.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a empregado/a do Servizo de Correos.

Informase que a sede electrónica do Concello de Oourol está en construción polo que non está operativa.

As instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Fotocopia compulsada do título de formación requirido
- c) Xustificante de ter aboado a cantidade de 3,00 € en concepto de dereitos de exame, de acordo ao establecido na ordenanza vixente neste concello, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES62 2080 0131 7931 1000 0012 aberta a nome do Concello de Oourol, en Abanca.
- d) Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.
- e) Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este Concello máis de 24 meses (sen contar o tempo de duración deste contrato en cuestión dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato, sin ter en conta para o cómputo anterior o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012. Non se terán en conta os





CONCELLO
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

contratos formativos, de relevo e interinidade, os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

- f) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- g) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- h) De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero:

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- o Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- o Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- o Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
- o Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- o Informe dos servizos de acollida da Administración Pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.



Novena.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no taboleiro de edictos da corporación e na súa páxina web, indicando a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión. Na resolución farase constar, apelidos, nome e número do DNI, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

No caso de que todos os aspirantes cumpran os requisitos para poder participar nas probas selectivas correspondentes consideraranse admitidos e dita resolución quedará elevada a definitiva.

No caso de que na resolución figuren aspirantes excluídos estes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na súa páxina web.

Décima.- Tribunal cualificador e data e lugar de celebración das probas.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros, titulares e suplentes: un/unha presidente, un/unha secretario/a e tres vogais. O/A secretario/a actuará con voz e voto.



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

O Tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes. En todo caso requirese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. En caso de ausencia do Presidente, será substituído polo primeiro vogal. En caso de ausencia do Secretario, será substituído polo segundo vogal. Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a. O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta. O nomeamento dos membros titulares ou suplentes que constitúan o Tribunal cualificador, realizarase por Decreto de Alcaldía e publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello así como na súa páxina web. Poderán dispor a incorporación de asesores especialistas e/ou colaboradores se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os membros do Tribunal que asistan as sesións, percibirán as axudas de custe e asistencia segundo a contía legalmente establecida.

A data, hora e lugar de celebración das probas de selección establecerase así mesmo por Decreto de Alcaldía e publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Orourol e na súa páxina web.

Undécima.- Sistema de selección.

A selección realizarase mediante o sistema de Concurso – Oposición, sendo a primeira fase a de oposición que consistirá na contestación oral a unha proba de coñecementos e na realización dunha proba práctica e a segunda a de concurso que consistirá na valoración de méritos e das situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral.

A) FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición consistirá na constestación oral a unha proba de coñecementos e na realización dunha proba práctica, ambas probas terán carácter obrigatorio e serán eliminatorias para os aspirantes. A puntuación máxima da fase de oposición será de 10 puntos e desenvolverase da seguinte maneira o polo seguinte orde:

- Proba de coñecementos: De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na contestación oral a un cuestionario de 10 preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración relacionadas co temario que figura no Anexo I, O máximo de puntuación é de 5 puntos, outorgándose 0,50 puntos por cada pregunta contestada



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 2,5 puntos, quedando eliminados aqueles que non acaden a dita puntuación mínima.

- **Proba práctica:** esta fase consistirá na realización dunha proba aos/as aspirantes que superaran a fase anterior e que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material desta ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solución a problemas, etc.) para a súa realización ou ben, materializando ou sinalando alguna destas fases, valorándose ata un máximo de 5 puntos, sendo necesario acadar 2,5 puntos para superar a proba, quedando eliminados do proceso aqueles/as que non acaden esta puntuación mínima.

B) FASE DE CONCURSO:

Polo Tribunal calificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Acreditáranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas entidades ou organismos pertinentes. Só serán válidos os méritos que sexan alegados mediante documentos que, a xuízo do Tribunal, acrediten de forma fehaciente os mesmos. Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

Non terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima total da fase de concurso establécese en 5 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan en cada un deles:

A.1) Colectivos con dificultades de integración laboral: Máximo 3,00 puntos

De acordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, primárase favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

- Mulleres: 0,50 puntos.
- Maiores de 45 anos: 0,50 puntos.
- Parados de longa duración: 0,50 puntos. Considérase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
- Persoas con discapacidade: 0,50 puntos.
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,50 puntos.
- Outros colectivos con dificultades de integración laboral que se recollan na normativa sectorial vixente: 0,50 puntos.

A forma de acreditar estas situación farase segundo o establecido no punto 8 destas bases.

A.2) Experiencia profesional: Máximo 1,00 punto

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, outorgárase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral, non se computarán servizos inferiores a un mes



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral, non se computarán servizos inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo nos que se especifique expresamente o traballo desenvolvido, o inicio e final da relación laboral, certificado de empresa ou calquera outro tipo de documento nos que quede acreditado fidedignamente a súa duración. Deberá adxuntarse obrigatoriamente informe de vida laboral.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.3) Cursos de formación: Máximo 1,00 punto

Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas: Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala:

- Por cada curso de ata 30 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos.
- Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos.

Incluiranse no apartado de cursos de duración inferior a 30 horas lectivas a razón de 0,20 puntos curso, aqueles que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados. No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día do curso.

Acreditaranse mediante fotocopia compulsada do título ou certificación expedida pola entidade pública que impartiu o curso no que conste o número de horas de formación realizada



Duodécima.- Resolución.

O/A secretario/a do Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate este resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación na proba de coñecementos e si aínda así se mantén acudiríase en última instancia a sorteo entre as partes implicadas, a dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de un día (1) hábil para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas contados desde o día da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Oourol e na súa páxina web.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirase de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.



C O N C E L L O
DE
27865 O U R O L
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Telf.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

O Presidente do Tribunal cualificador, á vista do listado final de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, seleccionando ao/á candidato/a que quedara na primeira posición quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra contingencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente. O Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior aos das prazas convocadas.

O/A aspirante seleccionado/a deberá presentar a documentación que a continuación se detalla, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos da Casa do Concello:

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida no apartado anterior ou cando do exame da mesma se deduza a súa non autenticidade non podrán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

A Resolución do concurso farase polo Presidente da Corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

Decimoterceira.- Incidencias

O Tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten no proceso selectivo.

ANEXO I: TEMARIO

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Oourol e comarca:
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático
- 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española.
- 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá.





C O N C E L L O
DE
27865 OUROL
(LUGO)

C. I. F. P-2703800-I

R. E. L. 01270386

Tel.: 982 559 109

Fax : 982 559 002

Publíquense as bases no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web do Concello de Ouro para os efectos de que todas aquelas persoas interesadas poidan participar no proceso selectivo, logo da presentación da solicitude no rexistro xeral de entrada do Concello de Ouro, durante o prazo habilitado ó efecto.

Ouro, 15 de marzo de 2017

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Jose Luis Pajón Camba



DILIXENCIA: ESTENDO EU, SECRETARIA-INTERVENIENTE DO CONCELLO DE OUROL, PARA FACER CONSTAR QUE AS PRESENTES BASES COMPOSTAS DE DEZ FOLLAS NUMERADAS (10), FORON APROBADAS POR DECRETO 32/2017 DE DATA QUINCE DE MARZO. A PARTIR DESA DATA EXPOÑESE AO PUBLICO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO E NA SUA PAXINA WEB.
OUROL, 15 MARZO 2017.

ASDO.: MARIA JESUS MOURA CARRECAL

